

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

11904 Orde APA/894/2018, do 23 de agosto, pola que se modifican os anexos III, IV, V, VI e VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais.

A Directiva de execución (UE) 2018/100 da Comisión, do 22 de xaneiro de 2018, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE da Comisión, polas que se establecen disposicións de aplicación para os fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, no que concirne aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas, e adapta as citadas normas ás novas directrices e actualizacións as que xa existían, da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) e da Unión Internacional para a Protección das Variedades Vexetais (UPOV).

Pola presente orde procédese a incorporar ao noso ordenamento xurídico a Directiva de execución (UE) 2018/100 da Comisión, do 22 de xaneiro de 2018, modificando os números 6 dos anexos III, IV, V, e VI e o número 5 do anexo VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, unicamente naquelas especies que son obxecto de modificación pola directiva.

Non ten sentido incluír na presente orde as especies sobre as cales non houbo solicitude nin inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, o que non obsta para que no futuro se teña en conta no caso de que se efectúe unha solicitude de inscrición.

Tampouco se necesita incluílas, por se se comercializan no Reino de España, variedades dalgún país da Unión Europea, á vista do artigo 33.2 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos. Este precepto establece que as sementes e plantas de viveiro que procedan de Estados membros da Unión Europea e pertencen a especies e categorías reguladas polas directivas comunitarias poderán ser comercializadas libremente, sempre que cumpran todos os requisitos exixidos nestas.

A modificación das especies nos anexos III, IV, V, VI e VII realízase deixando inalteradas as demais especies actualmente existentes no Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais.

O artigo 33.2 do citado regulamento establece que, no que respecta á distinción, estabilidade e homoxeneidade, a realización dos exames oficiais para a admisión de variedades cumprirá as condicións establecidas nos protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade ditados polo Consello de Administración da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV), empregando todos os caracteres varietais que se establecen nos citados protocolos. Pola súa parte, o artigo 33.3 establece que, se a citada oficina non estableceu un protocolo para a realización do ensaio de identificación dunha especie concreta, se cumprirán as directrices de exame, en vigor, da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV), empregando todos os caracteres varietais sinalados cun asterisco que se establecen nas citadas directrices.

Esta orde dítase con base na habilitación normativa contida na disposición derradeira cuarta do Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, que faculta o titular deste departamento para modificar os anexos dese real decreto.

Na elaboración da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos III, IV, V, VI e VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

Os anexos III, IV, V, VI e VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, quedan modificados como segue:

Un. No número 6 do anexo III modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás especies mencionadas nel que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir que, con anterioridade ao 1 de setembro de 2018, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se for o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV ⁽²⁾:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Sorghum sudanense</i> (Piper) Stapf.	Pasto do Sudán.	TG/122/4 do 25.3.2015.
<i>Sorghum bicolor</i> (L.) Moench x <i>Sorghum sudanense</i> (Piper) Stapf.	Híbridos resultantes do cruzamento entre <i>Sorghum bicolor</i> e <i>Sorghum sudanense</i> .	TG/122/4 do 25.3.2015.

⁽²⁾ O texto destes protocolos pódese consultar na web da UPOV (www.upov.int).»

Dous. No número 6 do anexo IV modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás especies mencionadas nel que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir que, con anterioridade ao 1 de setembro de 2018, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se for o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV ⁽¹⁾:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Pisum sativum</i> L.	Chícharo forraxeiro.	TP 7/2 rev. 2 do 15.3.2017.
<i>Poa pratensis</i> L.	Poa dos prados.	TP 33/1 do 15.3.2017.

⁽¹⁾ O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpv.europa.eu).»

Tres. No número 6 do anexo V modifícase o primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás especies mencionadas nel que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir que, con anterioridade ao 1 de setembro de 2018, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se for o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV ⁽¹⁾:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Glycine max</i> (L.) Merr.	Soia.	TP 80/1 do 15.3.2017.

⁽¹⁾ O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Catro. No número 6 do anexo VI modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás especies mencionada nel que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir que, con anterioridade ao 1 de setembro de 2018, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se for o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV ⁽¹⁾:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Solanum tuberosum</i> L.	Pataca.	TP 23/3 rev. do 15.3.2017.

⁽¹⁾ O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Cinco. No número 5 do anexo VII modifícase o primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás especies mencionadas nel que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades das especies que se citan a seguir que, con anterioridade ao 1 de setembro de 2018, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se for o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV ⁽¹⁾:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Brassica oleracea</i> L.	Coliflor.	TP 45/2 rev. do 15.3.2017.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Brécol ou brócolo.	TP 151/2 rev. do 15.3.2017.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Coles de Bruxelas.	TP 54/2 rev. do 15.3.2017.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Colinabo.	TP 65/1 rev. do 15.3.2017.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Col de Milán, repolo e lombarda.	TP 48/3 rev, do 15.3.2017.
<i>Capsicum annuum</i> L.	Chile ou pemento.	TP 76/2 rev. do 15.3.2017.
<i>Lactuca sativa</i> L.	Leituga.	TP 13/5 rev. 2 do 15.3.2017.
<i>Pisum sativum</i> L. (partim).	Chícharo de gran rugoso, chícharo de gran liso redondo e tirabeque.	TP 7/2 rev. 2 do 15.3.2017.
<i>Spinacia oleracea</i> L.	Espinaca.	TP 55/5 rev. 2 do 15.3.2017.

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Solanum lycopersicum</i> L. x <i>Solanum</i> . <i>Habrochaites</i> S. Knapp & D.M. Spooner; <i>Solanum lycopersicum</i> L. x <i>Solanum peruvianum</i> (L.) Mill.; <i>Solanum lycopersicum</i> L. x <i>Solanum cheesmaniae</i> (L. Ridley) Fosberg.	Portaenxertos de tomate.	TP 294/1 rev. 2 do 15.3.2017.
<i>Cucurbita maxima</i> x <i>Cucurbita moschata</i> .	Híbridos interespecíficos de <i>Cucurbita maxima</i> Duch. x <i>Cucurbita moschata</i> Duch. destinados a ser utilizados como portaenxertos.	TP/311/1 do 15.3.2017.

(1) O texto destes protocolos pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV (2):

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Cichorium intybus</i> L.	Chicoria común ou italiana.	TG/154/4 do 5.4.2017.

(2) O texto destes protocolos pódese consultar na web da UPOV (www.upov.int).»

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante a presente orde incorpórase ao noso ordenamento xurídico a Directiva de execución (UE) 2018/100 da Comisión, do 22 de xaneiro de 2018, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas que se establecen disposicións de aplicación para os fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, no que concirne aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día 1 de setembro de 2018.

Madrid, 23 de agosto de 2018.–O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.